

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
PLN/2017/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Sesión nº	8/2017
Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	9 de outubro de 2017
Duración	Desde as 9:33 ata as 9:38 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Marcos Besada Pérez
Secretario	Noemí Sirera Diéguez

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35566754Z	Carla M ^a Pérez Pérez	SÍ
32685426B	Elisa Marqués Parrilla	NON
36061420L	Joaquín Núñez Troncoso	SÍ
76897695R	José Luís González Rodríguez	SÍ
35567092F	Marcos Besada Pérez	SÍ
35548188D	Miguel González González	SÍ
76908793J	Mirian González Rodríguez	SÍ
76909361Y	M ^a Dolores Castiñeira Alén	SÍ
76902797C	M ^a Teresa Pérez González	SÍ
34873897D	Primitivo González Rodríguez	SÍ
77006782E	Santiago Rodríguez Davila	SÍ
35568513W	Verónica Tourón Domínguez	SÍ
35564737K	Ángela Ledo SOuto	SÍ
76897189R	Ángela Valcárcel Bernárdez	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

ORDE DO DÍA:

A) Parte resolutiva

1. Aprobación da acta da sesión anterior (ordinaria nº 7/2016 do 25 de agosto)
2. Expediente 2097/2017. Fixación festivos locais para o ano 2018

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión anterior (ordinaria nº 7/2016 do 25 de agosto)

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o Señor Presidente pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 7/2017, ordinaria, de 25 de agosto.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Quero dicir que na acta non aparece o escudo oficial do Concello, polo que pedimos que se incorpore en todas as actas.

TOURÓN DOMÍNGUEZ, Verónica (PsdeG-PSOE): O noso grupo vaise abster porque non nos chegou a acta por correo electrónico, non sei cal é o problema informático, pero pedimos que se arregle, esta vez non podemos vir a fotocopiar a acta polo que nos vamos a abster.

RODRÍGUEZ DAVILA, Santiago (PP): Na acta do Pleno o Sr. Alcalde dice que se contestarán por escrito as preguntas, o que non queremos é telas na víspera do seguinte pleno.

Sr. Alcalde, Marcos David Besada Pérez (MS): ¿Algo máis?

Non existindo máis observacións, sométese a votación a acta da sesión nº 7/2017 de carácter ordinario celebrada o 25 de agosto de 2017, a mesma é aprobada por once votos a favor dos Sres./ras Concelleiros/as, as BESADA PÉREZ, Sra. PÉREZ PÉREZ, CASTIÑEIRA ALÉN, GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, PÉREZ GONZÁLEZ e GONZÁLEZ GONZÁLEZ, do Grupo Municipal de Movemento Salceda e GONZÁLEZ SOUTO, NÚÑEZ TRONCOSO, RODRÍGUEZ DAVILA, VALCÁRCEL BERNÁRDEZ e GONZÁLEZ RODRÍGUEZ do Grupo municipal do Partido Popular e dúas abstencións das sras. concelleiras TOURÓN DOMÍNGUEZ e LEDO SOUTO, do Grupo municipal do PSdeG-PSOE

2. Expediente 2097/2017. Fixación festivos locais para o ano 2018

O sr. Alcalde da lectura da proposta de acordo, seguinte: .

“PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

Asunto: festivos locais para o ano 2018.

Con data de 18 de setembro de 2017 recibíuse no Concello (registro de entrada 5376) escrito remitido polo Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas locais para o ano 2018 (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e nos artigos 45 e 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, de 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría antes do 15 de outubro de 2017.

Tendo en conta as datas tradicionais das festas locais e, en uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), artigos 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais; e de acordo co artigo 46 do real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, que determina que será o Pleno o órgano competente,

PROPOÑO AO PLENO DA CORPORACIÓN:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas locais do Concello de Salceda de Caselas (Pontevedra) para o ano 2018:

- 13 de febreiro de 2018 (Martes de entroido)
- 16 de xullo de 2018 (Luns do Cristo)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Emprego e Economía Social da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, antes do 15 de outubro de 2017.”

Sr. NÚÑEZ TRONCOSO, Joaquín (PP): Como é costume e tradición estamos de acordo nas datas de Martes de Entroido e Luns do Cristo, como festas locais.

Sra. TOURON DOMÍNGUEZ, Verónica (PS de G-PSOE): O voto do partido socialista vai se a favor.

Sometida polo Señor Alcalde a proposta a votación, o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, en votación ordinaria, por UNANIMIDADE dos membros presentes na sesión aproban a proposta.

Non habendo máis temas que tratar, ás nove horas e trinta e oito minutos, o Señor Alcalde levanta a sesión, da que estendo a presente acta, que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretaria do Concello, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE